

Bases Concurso Entroido 2026 CONCELLO DE LOBIOS.

OBXECTO DA CONVOCATORIA:

Regulación dos premios con motivo do Concurso disfraces de Entroido do concello de Lobios organizado por o Concello de Lobios.

PRIMEIRO: Participantes

Poderán participar cantas asociacións e grupos culturais, xuvenís, veciñais etc., do Concello de Lobios e de outros concellos que están interesados en participar no Entroido e neste concursos.

O prazo de inscrición para os participantes das comparsas e carrozas será ata o día 12 de febreiro do 2026.

SEGUNDO.- INSCRICIÓNS.

Para poder participar no desfile e optar a gratificación, tanto comparsas como carrozas, tanto de fóra do concello como do mesmo termo municipal, terán que estar previamente inscritas no Concello, pódose en contacto con María (Educatriz Social) **FARÁSE POR ORDE DE INSCRICIÓN, CUBRIR UNHA FICHA CON REXITRO DE ENTRADA, ADXUNTAR O DNI DO REPRESENTANTE E NOME DO GRUPO QUE PARTICIPARÁ ata o día 12 de febreiro, en horario de 9.00 a 14.00 horas, senón non están inscritas non poderán optar a dita gratificación.**

- **O número máximo que poden optar a esta gratificación é de 10 tanto para comparsas como de carrozas.**
- **Tanto nas comparsas como as carrozas, ten que ter un mínimo de 6 participantes, e por o menos algún participante maior de idade.**
- **Terase en conta a orixinalidade e traballo tanto das comparsas como das carrozas para obter a dita gratificación.**
- **Non se poderá concursar en distintas categorías nin optar a distintos premios, si se anota como carroza optarase a premio como carroza, non se pode optar a premios como grupo ou comparsa, e viceversa.**
- **Os disfraces que concursen como parella(por exemplo zipi e zape) considéranse como disfraz individual.**
- **O diñeiro tanto da gratificación como dos premios darase ese mesmo día en metálico e terán que estar presentes o día do Entroido, senón non se entregarán.**

TERCEIRO.- Propostas.

Trátase de que participen toda a xente do Concello de Lobios e de concellos limítrofes nesta festa tan popular para iso haberá un desfile de carrozas, comparsas, e distintos entroidos por un itinerario marcado, dende o cuartel da garda civil ata a praza roxa, e de regreso o pavillón de deportes.

Haberá distintas categorías para poder participar:



-Infantís individuais (0-13 anos). DIVIDIDO EN DOUS GRUPOS.

1º- (0-7 ANOS)

2º -(8-13 ANOS)

-Xuvenís-Seniors individuais (14- en diante)

-Grupos e comparsas. (de tódalas idades).

Os grupos ou Comparsas deberán ser de un mínimo de SEIS persoas para poder participar en dito concurso, sempre ten que ter un adulto, mínimo.

-Carrozas foráneas (fora do termo municipal). Mínimo de SEIS persoas.

-Este ano incorporarase unha nova modalidade que é CARROZA DOS POBOS DE LOBIOS, o requisito para ser aceptadas é que os seus membros sexan orixinarios ou teña vinculación con ese pobo e a carroza que leve o nome dese pobo, sempre ten que ter un adulto mínimo.

CUARTO: Xurado

O Xurado estará composto por un mínimo de tres membros e máximo de cinco, será o concelleiro de cultura que nomeara a tres voluntarios de entre o público ou dos membros o grupo/charanga que participe ese día, que se comprometan a valorar de maneira obxectiva e imparcialidade os participantes no Entroido. De secretario actuará o de menor idade e de presidente será o Concelleiro de cultura ou persoa en quen delegue. Serán xurado que valoren o desfile (disfraces individuais en todas as súas categorías, comparsas ou grupos e carrozas).

O fallo do Xurado será inapelable.

QUINTO- CRITERIOS DE VALORACIÓN. Establécense os seguintes criterios de valoración das comparsas. En caso de empate, resolverase por sorteo:

Criterios de Valoración	Puntuación máxima
a)Vestuario, máscaras, maquillaxes, ect..axeitados á temática que representen.	Ata 20 puntos
b)Orixinalidade, inxenio, caracterización, instrumentacións, ect..	Ata 20 puntos
d)Calidade e creatividade na exhibición.	Ata 20 puntos

O feito de participar no concurso implica o coñecemento e aceptación por todos os concursantes das presentes bases.

En todos aqueles aspectos que no estean contemplados nas presentes Bases, o Xurado queda facultado para a súa resolución así como respecto a tódalas cuestións incidentais que poidan suscitarse. As decisións do xurado se entenderán inapelables.

O Xurado poderá declarar un ou máis premios deste concurso desertos si considera que algunha/s da/s propostas presentadas non teñen a calidade suficiente para ser



premiados, é dicir, **ORIXINALIDADE, ELABORACIÓN ARTESÁ, NOVIDOSO, TRADICIONAL.**

SEXTO.- Os premios aos/ás participantes nos actos programados con motivo do Entroido.

Premios

CATEGORIA	PREMIOS
INFANTÍS INDIVIDUAIS (0-13 ANOS) SUBDIVIDIDO: 1º GRUPO (0-7 ANOS) 2º GRUPO (8-13 ANOS)	AGASALLOS (1º, 2ºCLASIFICADO CADA GRUPO) O PRIMER PREMIO AGASALLO POR UN VALOR . 40 EUROS O SEGUNDO AGASALLO POR UN VALOR. 20EUROS.
XUVENÍS-SENIORS INDIVIDUAIS (14 ANOS- EN ADIANTE)	1º CLASIFICADO-----75€ 2ºCLASIFICADO-----40€
COMPARSAS (MÍNIMO 6 PERSOAS) * GRUPOS OU COMPARSAS POR PARTICIPAR LEVARÁN UNHA GRATIFICACIÓN DE 50€	1º CLASIFICADO-----110€ 2º CLASIFICADO-----90€
CARROZAS FORÁNEAS (fora do termo municipal). Mínimo 6 persoas. * AS CARROZAS POR PARTICIPAR LEVARÁN UNHA GRATIFICACIÓN DE 70€	1º CLASIFICADO-----130€ 2º CLASIFICADO-----100€
CARROZAS POBOS DE LOBIOS. MÍNIMO 6 PERSOAS. * AS CARROZAS POR PARTICIPAR LEVARÁN UNHA GRATIFICACIÓN DE 70€	1º CLASIFICADO.....230€ 2º CLASIFICADO-----200€

Lobios,
a data
de

sinatura electrónica

A Alcaldesa-Presidenta. Asdo.- María del Carmen Yáñez Salgado

ASINADO ELECTRÓNICAMENTE (Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Rexíme Xurídico do Sector Público)

